



## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions. It emphasizes that every entry should be supported by a valid receipt or invoice. This ensures transparency and allows for easy auditing of the accounts.

2. In the second section, the author outlines the various methods used to collect and analyze data. This includes both primary and secondary research techniques. The goal is to gather comprehensive information that can be used to identify trends and make informed decisions.

3. The third section focuses on the challenges faced during the data collection process. One major issue is the reliability of the data sources. It is crucial to verify the accuracy of the information before using it for analysis.

4. The fourth section describes the results of the data analysis. It shows that there is a clear correlation between the variables being studied. This finding is significant as it provides a solid foundation for the conclusions drawn in the final section.

5. Finally, the document concludes with a series of recommendations based on the findings. These suggestions are aimed at improving the efficiency of the data collection process and ensuring that future research is more effective.

**1. Denomínase prognatismo ao:**

- A) Menor desenvolvemento nasal.
- B) Menor desenvolvemento maxilar superior.
- C) Maior desenvolvemento mandibular.
- D) Menor desenvolvemento mandibular.

**2. Son causas posibles de mordida cruzada posterior, todas menos:**

- A) Hipoplasia maxilar.
- B) Hiperplasia mandibular.
- C) Asociación de hipoplasia maxilar e hiperplasia mandibular.
- D) Respiración nasal.

**3. Cal das funcións en materia técnico asistencial NON pode realizar un hixienista?**

- A) Aplicación de fluoruros.
- B) Colocación e retirada de matrices de obturación.
- C) Selado de fisuras.
- D) Tratamentos restauradores.

**4. Cal das seguintes enfermidades xenxivais é de orixe micótico?**

- A) Xenxivoestomatite herpética.
- B) Muguet.
- C) Estomatite aftosa.
- D) Eritroplasia.

**5. As glándulas salivares son glándulas:**

- A) Exócrinas.
- B) Endócrinas.
- C) Anfícrinas.
- D) Holócrinas.

**6. Cal dos seguintes profesionais NON participa nun programa de saúde bucodental?**

- A) Persoal de enfermería, auxiliares e médicos.
- B) Pediatras e matronas.
- C) Personal de servizos xerais e administrativos.
- D) Cirurxiáns maxilofaciais.

**7. Cal destas técnicas de cepillado NON existe?**

- A) Técnica horizontal.
- B) Técnica Stillman modificada.
- C) Técnica de Fones.
- D) Técnica de Bass.

**8. Con que instrumento determínase o índice de sangrado xenxival?**

- A) Sonda periodontal.
- B) Sonda de Nabers.
- C) Sonda explorador.
- D) Cureta universal.

**9. Cando a placa bacteriana se atopa entre a adherida ao dente e a adherida ao epitelio denomínase:**

- A) Placa supraxenxival.
- B) Placa proximal.
- C) Placa flotante.
- D) Placa de fosas e fisuras.

**10. Que repercusión oral podemos atopar con certa frecuencia nun paciente a tratamento con ciclosporina (inmunosupresor)?**

- A) Estomatite herpética.
- B) Agrandamento xenxival.
- C) Estomatite aftosa.
- D) Epúlido.

**11. Contesta a correcta sobre o nervio trixémico:**

- A) A rama maxilar inerva só a parte lateral do nariz e o labio superior.
- B) A rama mandibular inerva a parte inferior do nariz.
- C) Ten tres ramas: oftálmica, maxilar e mandibular.
- D) É o par cranial IV.

**12. Sinale a afirmación correcta sobre a ética no proceso odontolóxico:**

- A) A Comunidade Europea ten un código de ética profesional dental que afecta só ao odontólogo.
- B) O persoal da clínica odontolóxica está obrigado a exercer o seu traballo co máximo de habilidade profesional.
- C) O interese prioritario debe ser sempre o paciente.
- D) As respostas B e C son correctas.

**13. En 1946, a OMS definiu na súa carta constitucional a saúde como:**

- A) Ausencia de enfermidades e invalideces.
- B) O estado de completo benestar físico e mental.
- C) O estado de benestar social.
- D) B e C son correctas.

**14. Dentro das zonas horarias de colocación do hixienista, onde se encontra a zona estática?**

- A) Entre as 4 e as 8 horas.
- B) Entre as 12 e as 4 horas.
- C) Entre as 12 e as 2 horas.
- D) Entre as 8 e as 11 horas.

**15. Cal das seguintes é unha característica do nódulo?**

- A) Invade planos profundos.
- B) É unha lesión non circunscrita.
- C) O seu tamaño soe ser de 1–2mm.
- D) É unha lesión que eleva a mucosa a modo de guante.

**16. O aparato dixestivo está composto por:**

- A) Riles, bazo, fígado e vexiga urinaria.
- B) Boca, esófago, estómago e vexiga urinaria.
- C) Cavidade bucal, lingua, dentes e glándula parótide.
- D) Boca, farinxe, esófago, estómago, intestino delgado, intestino grosso e recto.

**17. Son lesións da mucosa oral:**

- A) A psoríase.
- B) O prurito.
- C) Lique plano raticular.
- D) A condilitis.

**18. De que células derivan as plaquetas?**

- A) Eritrocitos.
- B) Trombocitos.
- C) Leucocitos.
- D) Macrófagos.

**19. Cal e o músculo que se enxerta na apófose coronoide?**

- A) Masetero.
- B) Pterigoideo medial.
- C) Pterigoideo lateral.
- D) Temporal.

**20. Segundo as especificacións do produto, que luvas demostran menor resistencia?**

- A) Nitrilo.
- B) Vinilo.
- C) Látex.
- D) Neopreno.

**21. A carie só depende da dieta e da hixiene?**

- A) Si, só depende da dieta e da hixiene.
- B) Non, depende exclusivamente da hixiene.
- C) Non, ademáis da dieta e da hixiene tamén depende da idade.
- D) Non, a carie como outras enfermidades son de orixe multifactorial.

**22. Sinale a característica FALSA da cureta universal.**

- A) Ten un talón redondo en lugar de en punta.
- B) Xeralmente ten forma de culler.
- C) Non presenta un terceiro bordo na parte posterior.
- D) É un instrumento cuxo uso adoita limitarse á eliminación de grandes cristas de cálculo.

**23. A articulación temporomandibular ten:**

- A) 2 superficies articulares óseas.
- B) 3 superficies articulares óseas.
- C) 3 superficies articulares óseas e 1 menisco.
- D) 2 superficies articulares óseas e 1 menisco.

**24. Cales son as medidas de prevención das caries radiculares?**

- A) Modificar os ingredientes dietéticos que promoven a carie.
- B) Combater os microorganismos que inducen a carie.
- C) Aumentar a resistencia dos dentes.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**25. Que é a Cándida?**

- A) Un fungo dimórfico Gram-.
- B) Unha bacteria Gram+.
- C) Un fungo dimórfico Gram+.
- D) Unha espiroqueta.

**26. Nun traumatismo, cando un dente se despraza por completo fóra do alvéolo denomínase:**

- A) Inclusión.
- B) Luxación intrusiva.
- C) Extrusión.
- D) Avulsión.

**27. En que período embrionario comezamos a observar as características da cara do embrión?**

- A) 1ª semana de vida embrionaria.
- B) 2ª semana de vida embrionaria.
- C) 3ª semana de vida embrionaria.
- D) 4ª semana de vida embrionaria.

**28. Os lactobacillus son:**

- A) Cocos gramnegativos.
- B) Bacilos grampositivos.
- C) Bacilos gramnegativos.
- D) Cocos grampositivos.

**29. Que é a educación para a saúde?**

- A) É un proceso que informa, motiva e axuda á poboación a adoptar e manter prácticas e estilos de vida saudables.
- B) Unha ferramenta fundamental para a promoción da saúde.
- C) Un factor determinante para a saúde.
- D) Todas son correctas.

**30. Na limpeza de material con cubeta de ultrasóns, cal NON é verdade:**

- A) Reduce o risco de accidentes para o persoal que a utiliza.
- B) É máis recomendada que a limpeza manual.
- C) O material xa sae esterilizado.
- D) Reduce a formación de aerosois.

**31. Que patoloxía asóciase a un exceso da concentración de sodio en sangue?**

- A) Bocio.
- B) Anemia.
- C) Hipertensión arterial.
- D) Escorbuto.

**32. Cal dos seguintes instrumentos resulta de maior utilidade para mellorar a visión e acceso á cavidade oral?**

- A) Periostótomo.
- B) Abrebocas.
- C) Cureta de legrado.
- D) Pinza de mosquito.

**33. Que tipo de fractura sería a que afecta ao maxilar de forma horizontal polo chan das fosas nasais e ao óso pterigoides?**

- A) Fractura malar.
- B) Fractura de Lefort I.
- C) Fractura orbitomalar.
- D) Fractura de Lefort II.

**34. Cal dos seguintes carbohidratos ten efecto anticarie ao incrementar o fluxo salivar?**

- A) Xilitol.
- B) Amidón.
- C) Frutosa.
- D) Glicóxeno.

**35. Dentro das manifestacións clínicas de fluorose dental, encóntranse:**

- A) A hipoplasia con hipocalcificación dos dentes.
- B) As manchas de cor marrón con anomalías no esmalte.
- C) A coloración alaranxada.
- D) A e B son correctas.

**36. A xenxivite pode ter a súa orixe en:**

- A) A falta de hixiene oral.
- B) O embarazo.
- C) O exceso de flúor.
- D) A e B son correctas.

**37. Cal NON é un tipo de inmunoglobulina?**

- A) Inmunoglobulina G.
- B) Inmunoglobulina B.
- C) Inmunoglobulina E.
- D) Inmunoglobulina M.

**38. Ao realizar unha radiografía, que hai que ter en conta?**

- A) O tamaño do foco debe ser o máis pequeno posible.
- B) A distancia foco-objeto debe ser mínima.
- C) A distancia obxecto-película debe ser mínima.
- D) As respostas A e C son correctas.

**39. Entre as técnicas de comunicación co paciente inclúese:**

- A) Dicir-mostrar-facer.
- B) Imitación.
- C) Desensibilización.
- D) Man sobre boca.

**40. Cal das seguintes vacinas NON se recomenda a todo o persoal sanitario?**

- A) Hepatite B.
- B) Tose ferina.
- C) Gripe.
- D) Triplo vírica.

**41. Que tipo de inmunidade é capaz de combater a enfermidade desde o inicio?**

- A) Inmunidade adaptativa.
- B) Inmunidade innata.
- C) Inmunidade específica.
- D) Inmunidade conxénita.

**42. Que tres tipos de indicadores permiten certificar que o proceso de esterilización garante a esterilidade do produto?**

- A) Químicos, físicos e biolóxicos.
- B) Químicos, físicos e bacterianos.
- C) Físicos, bacterianos e biolóxicos.
- D) Químicos, biolóxicos e bacterianos.

**43. A saúde pública:**

- A) Non é responsabilidade dos gobernos.
- B) Encárgase da protección e promoción da saúde.
- C) Non ten en conta as necesidades das persoas.
- D) Non se encarga da prevención da enfermidade.

**44. A apófise crista galli pertence ao óso:**

- A) Parietal.
- B) Temporal.
- C) Etmoides.
- D) Esfenoides.

**45. Como se chaman os microorganismos que producen unha enfermidade cando as defensas están debilitadas e a microbiota normal está alterada?**

- A) Residentes.
- B) Oportunistas.
- C) Traseúntes.
- D) Simbiose.

**46. Na realización da historia clínica dun paciente pediátrico asmático a tratamento con salbutamol (inhalador), onde rexistraremos estes datos?**

- A) Na anamnese.
- B) Na exploración clínica.
- C) No plan de tratamento.
- D) Na historia do curso do proceso.

**47. Que tipo de sialadenite é a Síndrome de Sjögren?**

- A) É de tipo base inmunitaria.
- B) É unha sialoadenite infecciosa.
- C) É unha sialoadenite tóxica.
- D) É unha sialoadenite específica.

**48. Que enfermidades se presentan con máis frecuencia na ATM?**

- A) Artrite.
- B) Artrose.
- C) Diabete.
- D) As respostas A e B son correctas.

**49. Cal destas opcións NON se utilizan para pulir as superficies dentarias?**

- A) Cepillos.
- B) Copas de goma.
- C) Pasta de profilaxe.
- D) Bruñidores.

**50. No índice xenxival de Silness e Løe, o sangrado á sondaxe corresponde ao código:**

- A) Código 0.
- B) Código 1.
- C) Código 2.
- D) Código 3.

Preguntas de reserva

**51. Cal é o organismo encargado de velar pola saúde a nivel mundial?**

- A) OSM.
- B) OMS.
- C) UCD.
- D) ONU.

**52. O flúor actúa contra a carie:**

- A) Remineralizando o esmalte dental facéndoo máis duro e resistente á carie.
- B) Inhibindo a adhesión de microorganismos da placa.
- C) Interfiriendo na entrada de glucosa nas bacterias.
- D) Todas son correctas.

**53. O estomodeo é:**

- A) Un órgano do embrión.
- B) Unha membrana.
- C) Un mamelón.
- D) Unha depresión.

**54. Indique en que caso se pode vulnerar o segredo profesional:**

- A) Se o solicita un familiar de primeiro grao.
- B) Se é esixido pola lei.
- C) Se o solicita un colega profesional.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

**55. Son ósos impares:**

- A) Vomer.
- B) Palatino.
- C) Parietal.
- D) Lacrimal.

**56. Nun paciente con sífilis, que lesión oral é máis característica?**

- A) Papiloma.
- B) Pústula.
- C) Goma.
- D) A e B son correctas.

**57. Despois de realizar un tratamento odontolóxico con exposición a aerosois, para retirar con seguridade o equipo de protección persoal, que quitaremos en último lugar?**

- A) Bata refugable impermeable.
- B) Máscara (equipo de protección respiratoria).
- C) Luvas.
- D) Protección ocular ou pantalla facial.

**58. Un neno de 8 anos acode á USB(Unidade de saúde bucodental) con manchas denegridas en todos os seus dentes. Na súa historia clínica destaca que mantén unha dieta vexetariana e ten anemia. A que se pode deber esta manifestación oral?**

- A) Carie da primeira infancia.
- B) Acúmulo de biofilme dental.
- C) Inxesta continuada de suplementos de ferro.
- D) Pigmentación alimentaria.

**59. Paciente que acude a consulta con lesións nas comisuras da boca e rachaduras nos beizos. ¿Con que carencia vitaminica o asocias?**

- A) Vitamina A.
- B) Vitamina C.
- C) Vitamina D.
- D) Vitamina B2.

**60. Ven a consulta un paciente con carie rampante. Que quere dicir?**

- A) Que ten unhas caries que aparecen en idade madura e son de aspecto denegrado.
- B) Que son caries moi superficiais e cunha evolución lenta.
- C) Que son caries múltiples que aparecen na puberdade e son de aspecto branco-leitoso, simétricas e con dentina amolecida e evolución moi rápida.
- D) Todas as anteriores son falsas.

**61. Ven a consulta unha muller maior, con escasa salivación e boca descoidada. Refire que ten febre e inchazón na zona do ángulo mandibular. Na palpación compróbase que hai unha masa dura, coa pel quente. Ao explorar a boca vemos a saída do tubo de Stenon arroibada. Se damos unha masaxe á glándula sae un contido purulento. Atopámonos ante unha:**

- A) Sialolitiase aguda.
- B) Sialolitiase crónica.
- C) Parotidite aguda supurada.
- D) Celulite aguda.

**62. Ao realizar a profilaxe atopamos unha zona de desgaste na cara vestibular do 31 e 41 debido as forzas mastigatorias. Falaremos de:**

- A) Clase I de Black.
- B) Clase 2.
- C) Clase 3.
- D) Ningunha das anteriores.

**63. Dende o momento no que o paciente pasa pola consulta, que é o que inclúe o segredo profesional?**

- A) A enfermidade que afecta ao paciente.
- B) Os honorarios pagados polo paciente.
- C) Todo o visto e oído durante o exercicio profesional.
- D) A e C son correctas.

**64. Aos dous días de realizar unha extracción dentaria, acode o paciente con moita dor. O alvéolo onde se realizou dita extracción está aberto, sen coágulo e as paredes óseas espidas. De que se trata?**

- A) Alveolite húmida.
- B) Alveolite supurada.
- C) Alveolite seca.
- D) Alveolite marxinal.

**65. Un paciente acode a consulta con osteomielite:**

- A) Ten unha infección do tecido óseo que afecta a toda a estrutura ósea.
- B) Ten infección só no tecido duro do óso.
- C) Ten unha infección na enxiva que rodea o óso.
- D) Todas son falsas.

**66. Cal destas actividades do programa de saúde bucodental NON vai dirixida a unha embarazada que acode a consulta no primeiro trimestre de embarazo?**

- A) Valoración de índice de placa e índice periodontal.
- B) Educación de saúde bucodental a ela e ao bebé.
- C) Valoración de oclusión.
- D) Aplicación de flúor tópico.

**67. Un paciente acode á USB (Unidade de saúde bucodental) para a valoración do seu estado de saúde oral, cal dos seguintes factores non aumenta o risco carioxénico da súa dieta?**

- A) Dietas especiais, incluíndo as que requiren inxestas frecuentes.
- B) O consumo de fármacos que incorporan sorbitol.
- C) Xerostomía secundaria á inxesta de fármacos.
- D) Hipotonía das fazulas, beizos ou lingua.

**68. Un neno de dous anos de idade, presenta unhas formacións blanquecinas de maneira difusa e ben agrupada que se desprenden con facilidade, trátase de:**

- A) Granuloma monialísico.
- B) Candidiase pseudomembranosa.
- C) Leucoplasia.
- D) Lique bucal.

**69. Durante a realización dunha tartrectomía, a que tipo de risco laboral corresponde a posibilidade de salpicaduras a conxuntivas e mucosas, durante o manexo do aparello de ultrasóns?**

- A) Risco químico.
- B) Risco ergonómico.
- C) Risco biolóxico.
- D) Risco por exposición a axentes físicos.

**70. Que método de educación sanitaria estamos utilizando cando existe contacto entre hixienista e paciente?**

- A) Indirecto.
- B) Unidireccional.
- C) Directo.
- D) Personalizado.

**71. O dentista díxome que teño nunha carie clase II. Que quere dicir?**

- A) Que afecta ás caras oclusais dos molares.
- B) Que afecta ás caras mesial ou distal dos molares e premolares.
- C) Que afecta ás caras mesial ou distal de incisivos ou caninos.
- D) Que afectan a calquera peza dental na zona vestibular.

**72. Que funcións corresponderían ao hixienista ao tratar a un paciente de seis anos?**

- A) Tarefas de prevención, establecendo diagnósticos e necesidades de tratamento.
- B) Aplicación de fluoruros tópicos e colocación de seladores de fisuras con técnicas non invasivas.
- C) Execución de tratamentos restauradores e rehabilitadores.
- D) Todas son correctas.

**73. Unha paciente no segundo trimestre de embarazo acode á USB(Unidade de saúde bucodental) cunha lesión exofítica, redondeada, de cor vermella escura, que protúe a marxe xenxival e con base pedunculada, cal é de diagnóstico de sospeita?**

- A) Xenxivite asociada ao embarazo.
- B) Absceso periodontal.
- C) Granuloma pióxeno.
- D) Afta.

**74. Cal dos seguintes NON é un método de administración de flúor de aplicación profesional?**

- A) Fosfopéptido de caseína.
- B) Vernices de flúor.
- C) Xeles de flúor.
- D) Todos os anteriores son métodos de administración de flúor profesional.

**75. Acode un paciente a consulta con sospeita de sinusite. Que tipo de proxección ou radiografía reproduce mellor os seos maxilares?**

- A) Radiografía periapical.
- B) Proxección de Waters.
- C) Radiografía oclusal.
- D) Proxección de Hirtz.

**76. Despois de facer unha odontosección onde usamos a turbina, que NON deberiamos de facer para proceder á súa esterilización?**

- A) Limpala cun pano húmido cunha solución desinfectante antes de esterilizala.
- B) Despois de limpala hai que secala ben.
- C) Lubricala antes de proceder á esterilización.
- D) Metela na cubeta de ultrasóns antes da esterilización.

**77. Estes tratamentos médicos predispoñen a padecer carie menos un. Sinálao:**

- A) Soro glicosado intravenoso.
- B) Antidepressivos.
- C) Antihipertensivos.
- D) Radioterapia.

**78. Un gran fumador diagnosticado de enfermidade periodontal acode á USB(Unidade de saúde bucodental) para unha revisión. Que signo clínico de inflamación podería estar atenuado ou ausente neste paciente?**

- A) Cambios de coloración da enxiva.
- B) Consistencia da enxiva.
- C) Sangrado á sondaxe.
- D) Profundidade de sondaxe.

**79. Nun paciente que necesita remodelar unha obturación desbordante utilizarase:**

- A) Rasqueta de Fouce.
- B) Sistema Eva.
- C) Cureta Universal.
- D) Ningunha é correcta.

**80. Acode por primeira vez a consulta unha nena de 12 anos co seu pai e observamos carie incipiente en 36 e 46, ademais de mala hixiene. Que estaría indicado?**

- A) Facer revisións anuais.
- B) Realizar selado de 16 e 26.
- C) Dímoslle ao pai que xa non ten que supervisar o cepillado da nena polas noites, xa que é maior.
- D) Inactivar con flúor 36 e 46.

**81. No tratamento da dor debida á disfunción craniomandibular pódese utilizar, como corresponda para cada paciente, a:**

- A) Placa de descarga.
- B) Relaxantes musculares.
- C) Fisioterapia.
- D) Todas as anteriores.

**82. Un paciente diabético acode á USB(Unidade de saúde bucodental) para valoración do seu estado de saúde oral. Segundo o código que se emprega no odontograma do sistema informático IANUS, en que cor rexístrase o diagnóstico da súa afectación periodontal?**

- A) Vermello.
- B) Azul.
- C) Verde.
- D) Amarelo.

**83. Cando nos vacinan da gripe, que tipo de inmunidade se induce?**

- A) Inmunidade pasiva.
- B) Inmunidade activa.
- C) Inmunidade instantánea.
- D) Inmunidade innata.

**84. Para colocar un selador de fosas e fisuras nun segundo molar nun neno de 12 anos, que se utiliza para xerar microretencións mecánicas no esmalte e aumentar a superficie de adhesión?**

- A) Fresa de diamante.
- B) Pasta de profilaxe.
- C) Adhesivo.
- D) Gravado acedo.

**85. Paciente diagnosticado de candidiase lingual ao que se lle realizou cultivo. Cal dos seguintes microorganismos sería máis frecuente atopar?**

- A) Candida Tropicalis.
- B) Candida Parapsilosis.
- C) Candida Albicans.
- D) Candida Guillermondi.

**86. Que tipo de proba radiográfica estaría indicada realizar a un paciente que presenta caninos superiores incluídos e queremos saber se están colocados cara a palatino ou lingual en relación aos dentes erupcionados.**

- A) Radiografía panorámica.
- B) Radiografía lateral de cranio.
- C) Técnica dobre ou regra de Clark.
- D) Radiografía de ATM.

**87. Unha embarazada acode á USB(Unidade de saúde bucodental) con caries incipientes activas, que recomendación de prevención secundaria podemos proporcionarlle?**

- A) Aplicación tópica de fluoruros.
- B) Obturación dos dentes cariados.
- C) Nutrición equilibrada.
- D) Control de placa.

**88. Traen a consulta a un neno de 3 anos con inflamación e úlceras nas enxivas e na lingua, anorexia e abundante salivación. O máis posible é que padeza:**

- A) Sarampelo.
- B) Primoinfección herpética.
- C) Varicela.
- D) Aftas orais.

**89. Un paciente con síndrome de Down acode á USB(Unidade de saúde bucodental) para unha revisión. Cal das seguintes manifestacións orais é máis prevalente e agresiva nestes pacientes?**

- A) Carie.
- B) Enfermidade periodontal.
- C) Sialorrea.
- D) Lique plano.

**90. Unha paciente acode a consulta con dor intensa e febrícula, dous días despois de realizarse unha exodoncia, presenta na exploración un alvéolo seco e baleiro, con paredes alveolares abrancazadas. Que infección pode ter?**

- A) Sinusite.
- B) Osteite.
- C) Celulite.
- D) Alveolite.

**91. Chega Manuel á consulta e ao abrir a súa historia clínica vemos que ten VIH. Que células serían as que ten máis infectadas?**

- A) Fagocitos.
- B) Linfocitos B.
- C) Linfocitos T.
- D) Bacterias pióxenas.

**92. Que tipo de test temos que facer para saber se a extracción de aire da cámara do autoclave funciona correctamente?**

- A) Test Prion.
- B) Test de Bowie & Dick.
- C) Test de esporas.
- D) Test Helix.

**93. Nun paciente de seis anos con placa bacteriana nun molar e inicio de carie teriamos un numero máis elevado de:**

- A) Lactobacillus.
- B) Streptococos mutans.
- C) Streptococos sanguis.
- D) Streptococos mitis.

**94. Un paciente chega á consulta cunha gran acumulación de placa interproximal. Que instrumentos son os máis recomendados para a súa eliminación?**

- A) Seda dental, palillos de madeira.
- B) Seda dental, cepillo dental.
- C) Seda dental, cepillo eléctrico.
- D) Seda dental, cinta interdental e cepillo interproximal.

**95. Un neno acode á consulta cunha sobremordida duns 2mm dos incisivos superiores con respecto aos incisivos inferiores. Chámase:**

- A) Maloclusión vertical.
- B) Maloclusión saxital.
- C) Maloclusión transversal.
- D) Normo-oclusión.

**96. Paciente que ven cunha sensación dolorosa na lingua recibe o nome:**

- A) Glosodinea.
- B) Anquiloglosia.
- C) Glosite.
- D) Queilite angular.

**97. Para colocar un selador de fosas e fisuras nun primeiro molar permanente nun neno de 6 anos, cal sería o primeiro paso a realizar?**

- A) Illamento do dente.
- B) Control da oclusión.
- C) Limpeza do dente.
- D) Aplicación de gravado acedo.

**98. Nun paciente diabético ben controlado, con boa hixiene oral e enfermidade periodontal, un tratamento periodontal adecuado:**

- A) Non altera a progresión da periodontite.
- B) Contribúe ao control da diabetes.
- C) Só esixe revisións dentais a demanda.
- D) Debe completarse periodicamente con terapia antibiótica.

**99. En que caso se debe utilizar o cepillo interproximal?**

- A) Para zonas de gran apiñado.
- B) Cando existen grandes espazos interdentaes.
- C) Especialmente indicados para a limpeza de zonas posteriores.
- D) Moi utilizados para a limpeza de terceiros molares.

**100. Unha paciente acode á USB(Unidade de saúde bucodental) no terceiro trimestre de embarazo, momento no que lle proporcionamos instrucións de saúde oral para o coidado do bebé. Segundo a Sociedade Española de Odontopediatría, que recomendación alimentaria é útil para previr a carie da primeira infancia?**

- A) Prolongar a lactación materna ata o sexto mes.
- B) Ofrecer azucres refinados antes dos dous anos de idade.
- C) Utilizar biberón con líquidos que non sexan auga.
- D) Mollar o chupete en líquidos azucrados, azucre ou mel.

**101. Sinale cal das posicións horarias que se indican, tomando como referencia ao paciente, NON é correcta:**

- A) As tres horas na súa orella esquerda.
- B) As nove horas na súa orella dereita.
- C) As seis horas nos seus pés.
- D) As doce horas no seu brazo dereito.

**102. Cal é o tratamento de ortodoncia ideal que debe utilizar un paciente hemofílico?**

- A) Ortodoncia fixa, brackets.
- B) Ortodoncia removible.
- C) Ortodoncia invisible.
- D) O tratamento de ortodoncia non está indicado en pacientes hemofílicos.

**103. Acode un paciente á consulta con manchas de tabaco, que técnicas utilizaríamos para eliminalas?**

- A) Sistema Eva.
- B) As copas de goma e os portapulidores.
- C) O spray de bicarbonato.
- D) Todas son correctas.

**104. Cal das seguintes respostas NON é a correcta en relación á colocación do material no autoclave?**

- A) As bolsas colócanse nos cestiños de forma vertical.
- B) Cando se colocan dous estantes con paquetes, a carga superior debe de ir cruzada á inferior.
- C) Débese de evitar superpoñer paquetes e non sobrecargar o autoclave.
- D) Pódese colocar o material fóra dos cestiños, na base do autoclave.

**105. Se en consulta facemos un estudo de lesións cariosas, é FALSO que:**

- A) A sonda de exploración pode ser un vehículo transmisor de carie.
- B) A eritrosina é un axudante excelente.
- C) A primeira ollada podemos detectar unha pequena carie interproximal.
- D) A radiografía de aleta de mordida mellora o diagnóstico das clases II.

**106. Nunha consulta de odontoloxía do SERGAS en atención primaria que métodos entrarían para o control da carie:**

- A) Endodoncias.
- B) Selados de fisuras.
- C) Aplicación de flúor tópico.
- D) As respostas B e C son correctas.

**107. Nun neno de tres anos de idade con risco de carie, en canto á utilización de suplementos fluorados en comprimidos, que cantidade se lle recomendaría?**

- A) 1 comprimido de 0,25.
- B) 2 comprimidos de 0,25.
- C) 3 comprimidos de 0,25.
- D) Desaconséllase a utilización de flúor en nenos de tres anos.

**108. Un paciente cun proceso inflamatorio agudo con varias zonas da mucosa oral afectadas e que adoita aparecer como resposta a unha reacción alérxica, definiríamolo como:**

- A) Candidíase.
- B) Vesícula.
- C) Estomatite.
- D) Leucoplasia.

**109. Segundo o programa de saúde bucodental do Sergas, se acode a consulta un neno de cinco anos con carie, que indicación sería a INCORRECTA?**

- A) Se o risco de carie é incipiente o inactivaríamos con flúor.
- B) Se o risco de carie é elevado faranse revisións cada seis meses, non faría falta aplicar flúor.
- C) O cepillado nocturno débennos realizar os pais con dentífrico con flúor de 1000 p.p.m.
- D) Recomendaríamos revisións unha vez ao ano.

**110. Que tipo de radiografía intraoral lle farías a un paciente para comprobar a totalidade dun dente fracturado?**

- A) Radiografía oclusal.
- B) Radiografía periapical.
- C) Ortopantomografía.
- D) As respostas B e C son correctas.